

V1.2025.04.09

Proxecto de Decreto xxx/2025, de xx de xxxxx , polo que se modifica o Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

A Lei 5/2007 de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia sinala no artigo 39, que as persoas, empresas e, en xeral, entidades e organismos que realizan actividades que poden xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade, así como os centros e instalacións públicos e privados que poidan resultar afectados de forma especialmente grave por situacións deste carácter, están obrigados a adoptar medidas de autoprotección e a manter os medios persoais e materiais necesarios para afrontar situacións de risco e emerxencia, e que será a Xunta quen determinará por regulamento o catálogo de actividades e os tipos de centros que deberán adoptar as devanditas medidas.

A Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, inclúe os plans de autoprotección como plans de protección civil que establecen o marco orgánico e funcional previsto para os centros, establecementos, instalacións ou dependencias recollidas na normativa aplicable, co obxecto de previr e controlar os riscos de emerxencia de protección civil sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada a estas situacións.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, veu a desenvolver o Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección. Este Decreto 171/2010, do 1 de outubro, foi derogado polo Decreto 172/2022, de 6 de outubro polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas, e nel se establece o Catálogo de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias dos que as persoas titulares teñen a obrigaón de elaborar e rexistrar un plan de autoprotección; determina o contido mínimo dos plans de autoprotección; establece os sistemas de coordinación entre as actividades do Catálogo e os servizos públicos que forman o Sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia; regula a elaboración e

implantación material efectiva dos plans de autoprotección e o mantemento da súa eficacia, para o que as persoas titulares da actividade deben emitir unha declaración responsable da implantación, que mantén a denominación de certificado da implantación, coa finalidade de axustarse á empregada na Norma básica de autoprotección; asegura a existencia e o mantemento dos medios mínimos de autoprotección por parte das persoas titulares das actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias aos que é de aplicación; regula os mecanismos organizativos e a provisión dos medios necesarios para asegurar a detección e pronta resposta ante unha situación de emerxencia, e establece os casos nos que é obrigatorio o rexistro dos plans de autoprotección na plataforma do Rexistro Electrónico de Plans de Autoprotección de Galicia.

A experiencia destes anos na aplicación do Decreto 172/2022, do 1 de outubro, fixo patente a conveniencia de revisar o texto para facilitar a aplicación e interpretación da norma.

Por elo, se engaden dúas definicións no artigo 3, e se modifica a definición de espazo delimitado; se engade nos artigos 5 e 10 a posibilidade de emisión dunha declaración responsable previa á emisión do certificado de implantación para aquelas actividades temporais nas que non é posible a comunicación da implantación completa do plan de autoprotección coa antelación suficiente para permitir o rexistro dos datos significativos do plan.

Se modifican o artigo 10 e o artigo 11 para clarexar que os simulacros forman parte do mantemento do plan e non da implantación, e o momento de informar ao CIAE-112 dos simulacros de emerxencia que se realicen.

O artigo 13 se modifica para permitir as baixas de oficio no rexistro, e o Anexo I se estrutura e organiza para facilitar a interpretación do Catálogo. Ademais, se inclúen os tuneis das estradas do Estado, en coherencia coa Norma Básica de Autoprotección e se definen máis claramente os tuneis sen regulamentación específica que deben contar con PAU.

Se modifica o Anexo IV, contido mínimo do datos do rexistro, estruturando os apartados do rexistro e agrupando os planos para facilitar a súa inscrición e consulta.

Por último, modifícase o Anexo V, medios de autoprotección mínimos, para permitir prazos máis realistas na comunicación á administración autonómica a celebración de eventos, e para establecer a obriga de contar cun exemplar do plan no punto de recepción de medios externos para todas as actividades do Catálogo.

O texto axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao dar pleno cumprimento aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia, e ao constituír unha modificación necesaria e proporcional aos fins a que se dirixe.

A tramitación deste decreto realizouse de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Foi sometido ao informe económico-financeiro da consellería competente en materia de facenda, ao informe de impacto demográfico, ao informe sobre impacto de xénero, ao informe da Comisión Galega de Protección Civil, en cumprimento do artigo 29 da Lei 5/2007, do 7 de maio, e ao informe da Asesoría Xurídica Xeral.

O texto consta dun artigo único que modifica os artigos 3, 5, 10, 11 e 13, e os Anexos I, IV e V que substituirán aos contidos no Decreto 172/2022, do 6 de outubro, que se modifica, unha disposición adicional, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras, relativas á entrada en vigor e ao desenvolvemento para a execución.

Na súa virtude, a proposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo/oído o Consello Consultivo de Galicia, e previa deliberación do

Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do xxx de xxxxxx de dous mil veniticinco,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

O Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas, queda redactado como segue:

Un. Engádense no artigo 3 as seguintes definicións:

12 bis. Elemento vulnerable: elemento (por exemplo poboación, edificación, obra de enxeñería civil, infraestrutura, actividade económica ou servizo público) exposto a sufrir danos ante un perigo.

15 bis. Foco de perigo: fonte, situación ou acto con potencial para causar dano humano, deterioración da saúde, danos físicos ou unha combinación destes.

Dous. O número 13 do artigo 3, queda redactado como sigue:

13. Espazo delimitado: espazo acoutado por pechamentos, particións ou outros elementos perimetrais especificamente instalados para crear este espazo. Tamén se considerarán espazos delimitados aqueles que, a pesar de non estaren acoutados por pechamentos, teñan unha relación entre o número de persoas que ocupan un espazo non delimitado e a suma dos metros de anchura de todos os pasos para acceder ou saír (cociente de saídas RS) igual ou superior a 175.

Tres. O apartado k) do artigo 5, queda redactado como segue:

k) Emitir o certificado de implantación do PAU, conforme ao contido do anexo III do decreto. Para actividades temporais poderá substituírse por unha declaración responsable na que se faga constar que se realizará a implantación completa do PAU, nos termos que se recollen no citado plan e de acordo con os criterios establecidos na Norma básica de autoprotección, previamente ao comezo da actividade.

Catro. O número 1 do artigo 10, queda redactado como segue:

1. Para os efectos do previsto no apartado 3.5 da Norma básica de autoprotección, aprobada polo Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, a persoa titular da actividade recollida no anexo I emitirá un certificado da implantación do PAU, de conformidade co contido mínimo establecido no anexo III. Para actividades temporais poderá emitirse unha declaración responsable na que se faga constar que se realizará a implantación completa do PAU, nos termos que se recollen no citado plan e de acordo con os criterios establecidos na Norma básica de autoprotección, previamente ao comezo da actividade.

Cinco. Se elimina o apartado d) do número 2 do artigo 10.

Seis.- O número 7 do artigo 11, queda redactado como segue:

7. A empresa informará previamente ao CIAE-112 dos simulacros de emerxencia que realice, e conservará a información sobre as actividades de mantemento da eficacia do PAU, así como os informes de avaliación realizados debidamente asinados polo responsable do PAU, que poñerá á disposición das administracións públicas.

Sete.- O número 4 do artigo 13, queda redactado do seguinte modo:

Sen prexuízo das obrigacións que fixe a normativa específica que sexa aplicable, unha vez finalizada a actividade obxecto de inscrición no rexistro, a persoa titular debe solicitar a baixa da inscrición no prazo máximo de tres meses

desde o cesamento da actividade. En caso de producirse modificacións na actividade que supoñan a súa exclusión do catálogo do anexo I deste decreto, o prazo para solicitar a baixa será de tres meses.

Transcorrido o prazo sen que o titular solicitase a baixa, esta poderá producirse de oficio.

Oito.- O anexo I, quedando redactado como segue:

ANEXO I

Catálogo de actividades

- 1) Actividades con regulamentación sectorial específica.
 - a) Actividades industriais, de almacenamento e de investigación.
 - 1º Establecementos nos que interveñen substancias perigosas: aqueles en os que están presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ás especificadas na columna 2 das partes 1 e 2 do anexo 1 do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.
 - 2º As actividades de almacenamento de produtos químicos acollidas ás instrucións técnicas complementarias e nas cantidades seguintes:
 - ITC APQ-1 (almacenamento de líquidos inflamables e combustibles) de capacidade maior a 200 m³.
 - ITC APQ-2 (almacenamento de óxido de etileno) de capacidade maior a 1 t.
 - ITC APQ-3 (almacenamento de cloro) de capacidade maior a 4 t.
 - ITC APQ-4 (almacenamento de amoníaco anhidro) de capacidade maior a 3 t.

- ITC APQ-5 (almacenamento de botellas e bombonas de gases comprimidos licuados e disoltos a presión) de categoría 4 ou 5.
- ITC APQ-6 (almacenamento de líquidos corrosivos) de capacidade maior a 500 m3.
- ITC APQ-7 (almacenamento de líquidos tóxicos) de capacidade maior a 200 m3.
- ITC APQ-8 (almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico, con alto contido en nitróxeno) de capacidade maior a 200 t.

3º Establecementos nos que interveñen explosivos: aqueles regulados na ITC 10 sobre prevención de accidentes graves, recollida no Real decreto 130/2017, do 24 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos.

4º Actividades de xestión de residuos perigosos: aquelas actividades de recollida, almacenamento, valorización ou eliminación de residuos perigosos, de acordo con o que establece a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados.

5º Explotacións e industrias relacionadas coa minería: sempre que se desenvolva unha actividade subterránea ou ben que haxa máis de vinte traballadores, as reguladas polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, e polas súas instrucións técnicas complementarias.

6º Instalacións de utilización confinada de organismos modificados xeneticamente: as clasificadas como actividades de risco alto (tipo 4) no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xenéticamente.

7º Instalacións para a obtención, transformación, tratamento, almacenamento e distribución de substancias ou materias biolóxicas perigosas: as instalacións

que conteñan axentes biolóxicos do grupo 4, determinados no Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

b) Actividades de infraestruturas de transporte.

1º Túneis de estradas do Estado regulados no R.D. 635/2006, do 26 de maio, sobre requisitos mínimos de seguridade nos túneles de estradas do Estado.

2º Portos comerciais: os portos de interese xeral con uso comercial e os seus usos complementarios ou auxiliares, definidos no Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante

3º Aeroportos, aeródromos e demais instalacións aeroportuarias: aqueles regulados pola Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e pola normativa internacional (normas e recomendacións da Organización da Aviación Civil Internacional-OACI) e nacional da Dirección Xeral de Aviación Civil aplicable.

c) Actividades e infraestruturas enerxéticas.

1º Instalacións nucleares e radioactivas: as reguladas polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas.

2º Infraestruturas hidráulicas (presas e encoros): as clasificadas como categorías A e B na Orde do 12 de marzo de 1996 pola que se aproba o Regulamento técnico sobre seguridade de presas e encoros, así como na Resolución do 31 de xaneiro de 1995 pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións.

d) Actividades de espectáculos públicos e recreativas, entendidas como lugares, recintos e instalacións nos que se celebren os eventos regulados pola

normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, sempre que cumpran con algunha das seguintes características:

1º En espazos pechados:

- Edifícios pechados permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente, cunha cabida ou aforo igual ou superior a 1.000 persoas ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.
- Instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada, cubertos total ou parcialmente, cunha cabida ou aforo igual ou superior a 1.500 persoas.
- Outras actividades en espazos delimitados cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 5.000 persoas.

2º En espazos non delimitados: Actividades cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 10.000 persoas.

1 Outras actividades reguladas por normativa sectorial de autoprotección. Aqueloutras actividades desenvoltas en centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias ou medios análogos sobre os que unha normativa sectorial específica estableza obrigacións de autoprotección nos termos definidos nesta norma.

2) Actividades sen regulamentación sectorial específica.

a) Actividades industriais e de almacenamento.

1º Aquelas con unha carga de lume ponderada e corrixida igual ou superior a 3200 Mcal/m² ou 13.600 MJ/ m², con risco intrínseco alto (tipo 8), segundo a táboa 1.3 do anexo I do Real decreto 267/2004, do 3 de decembro, polo que aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, ou aquelas en as que estean presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ao 60 % das especificadas na columna 2 das partes 1 e 2 do anexo 1 do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro.

2º Instalacións frigoríficas con líquidos refrixerantes do segundo e terceiro grupo cando superen as cantidades totais empregadas en 3 t.

3º Establecementos con instalacións acollidas ás ITC IP02, IP03 e IP-04 con máis de 500 m³.

b) Actividades e infraestruturas de transporte.

1º Estacións e intercambiadores de transporte terrestre: aqueles con unha ocupación igual ou superior a 1.500 persoas.

2º Tuneis de estrada, urbanos ou interurbanos, con máis de 1.000 m de lonxitude.

3º Tuneis de estrada, urbanos ou interurbanos, entre 500 e 1.000 m de lonxitude, cunha intensidade media diaria (IMD) superior a 5.000 vehículos/día, incluídos os que formen parte da mesma vía e que estean separados entre si por unha distancia inferior a 500 m.

4º Túneles ferroviarios de lonxitude igual ou superior a 1.000 m, incluídos os que forman parte da mesma vía e que están separados entre si por unha distancia inferior a 500 m.

5º Autoestradas de peaxe.

6º Áreas de estacionamento para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.

7º Portos comerciais

8º Os condutos que transportan substancias perigosas: gasodutos, oleodutos ou condutos similares. No caso dos gasodutos, inclúense as conducións que transportan gas natural por encima de 16 bares (presión de transporte secundario).

c) Actividades e infraestruturas enerxéticas.

1º Centros ou instalacións destinados á produción de enerxía eléctrica: os de potencia nominal igual ou superior a 300 MW.

2º Subestacións de distribución de enerxía eléctrica en alta tensión da rede de transporte á de distribución.

d) Actividades sanitarias.

1º Establecementos de usos sanitarios nos que se prestan coidados médicos en réxime de hospitalización e/ou tratamento intensivo ou cirúrxico, cunha dispoñibilidade igual ou superior a 100 camas, ou ben que, sen chegar ás 100 camas, atópanse na zona de intervención de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, definida conforme ao disposto no artigo 2 do Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.

2º Calquera outro establecemento de uso sanitario que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m ou dunha ocupación igual ou superior a 1.000 persoas.

e) Actividades docentes.

A efectos deste catálogo, entenderanse como centros de uso docente os centros educativos descritos no artigo 40.1 da Lei 5/2007, do 5 de maio, de emerxencias de Galicia.

1º Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas discapacitadas físicas, sensoriais, intelectuais ou con enfermidades mentais

2º Establecementos de uso docente nos que ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.

3º Calquera outro establecemento de uso docente sempre que dispoña dunha altura de evacuación igual o superior a 28 m ou dunha ocupación igual o superior a 1.000 persoas, ou ben que, sen chegar a eses limiares, atópanse na zona de intervención de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, definida conforme ao disposto no artigo 2 do Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.

f) Actividades residenciais públicas.

Establecementos de uso residencial público que cumpran algunha das seguintes características:

1º Nos que se desenvolven actividades de residencia ou centros de día destinados a persoas anciás, con discapacidade física, sensorial, intelectual ou con enfermidade mental.

2º Nos que habitualmente haxa usuarios e usuarias que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.

3º Calquera outro establecemento de uso residencial público sempre que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m ou dunha ocupación igual ou superior a 1.000 persoas, ou ben que, sen chegar a eses limiares, atópanse na zona de intervención de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, definida conforme ao disposto no artigo 2 do Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.

g) Outras actividades.

Aqueloutras actividades desenvoltas en centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias ou medios análogos que reúnan algunha das seguintes características:

1º Edifícios que alberguen actividades comerciais, administrativas, de prestación de servizos, ou de calquera outro tipo, sempre que a altura de evacuación do edificio sexa igual ou superior a 28 m ou ben que dispoñan dunha ocupación igual ou superior a 1.000 persoas.

2º Instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada, cubertos total ou parcialmente, cunha cabida ou aforo igual ou superior a 1.500 persoas.

3º Instalacións de cámping cunha cabida ou aforo igual ou superior a 1.000 persoas.

4º Outras actividades en espazos delimitados cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 5.000 persoas.

5º Actividades en espazos non delimitados cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 10.000 persoas.

6º Os espazos naturais protexidos definidos na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, cando teñan unha afluencia media anual de visitantes nos últimos 5 anos de máis de 10.000 persoas.

Nove.- O anexo IV, queda redactado como segue:

ANEXO IV

Contido mínimo do Rexistro Electrónico de Plans de Autoprotección da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Datos xerais:
 - Nome do establecemento.
 - Dirección completa.
 - Teléfono, fax, correo electrónico.
2. Número de ocupantes (clasificación).
3. Número de empregadas/os (clasificación).
4. Actividade ou uso do establecemento. Actividades ou usos que convivan na mesma edificación.
5. Datos da persoa titular (nome, dirección, teléfono...).
6. Data da última revisión do PAU.
7. Datos estruturais:
 - Tipo de estrutura.

- Número de plantas sobre e baixo rasante.
- Superficie útil ou construída (por plantas).
- Número de saídas ao exterior.
- Número de escaleiras interiores.
- Número de escaleiras exteriores.
- Sectorización de incendios.
- Información relevante sobre a estrutura e/ou edificio.
- Localización das chaves de corte de subministración enerxética (gas, electricidade, gasóleo...).

8. Contorna:

- Información sobre a contorna (urbano ou rural; proximidade a ríos, a roteiros polas que transitan vehículos con mercadorías perigosas, a industrias, a zonas forestais; edificio illado ou medianeiro con outras actividades). Tipo de actividades da contorna e os seus titulares.
- Vulnerables existentes na contorna.

9. Accesibilidade:

- Datos e información relevante sobre o acceso.
- Características dos accesos de vehículos ás fachadas do establecemento.
- Número de fachadas accesibles a bombeiros.

10. Focos de perigo e vulnerables:

- Tipo de risco máis significativo do edificio.
- Tipo e cantidade de produtos perigosos que se almacenan e/ou procesan.
- Vulnerables.

11. Instalacións técnicas de protección contra incendios. Dispón de:

- Detección e alarma de incendios. Data de revisión da instalación.

- Pulsadores de alarma de incendios. Data de revisión da instalación.
- Extintores de incendios. Data de revisión da instalación.
- Bocas de incendio equipadas. Data de revisión da instalación.
- Hidrantes. Data de revisión da instalación.
- Columna seca. Data de revisión da instalación.
- Extinción automática de incendios. Data de revisión da instalación.
- Alumado de emerxencia. Data de revisión da instalación.
- Sinalización. Data de revisión da instalación.
- Grupo electrógeno e sistema de alimentación ininterrompida (SAI). Data de revisión da instalación.
- Equipo de bombeo e alxibe ou depósito de auga. Data de revisión da instalación.

12. Planos. Extraídos do PAU. Se agruparán no rexistro do seguinte xeito:

- Plano/s de situación, contorna, e accesos.
- Plano/s descritivos de todos os andares dos edificios, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade, identificando os elementos vulnerables.
- Plano/s de situación por andares de todos os elementos e/ou instalacións de risco, tanto propios coma os da contorna.
- Plano/s de situación dos medios de autoprotección que inclúan o punto de recepción dos medios externos, percorridos de evacuación, áreas de confinamento, e compartimentación de áreas ou sectores de risco.

Dez.- O número 1 do anexo V, queda redactado como segue:

1. Dispositivos para a vixilancia, identificación da emerxencia, coordinación da resposta e ordenación da autoprotección.

As actividades recollidas no anexo I deste decreto téñense que dotar de persoal suficiente ou de sistemas tecnolóxicos adecuados e suficientes para a

identificación das emerxencias e hase de garantir o aviso aos servizos públicos para a súa xestión.

No punto de recepción de medios externos se deberá poñer a dispor dos servizos de Emerxencias unha copia do PAU.

As actividades con afluencia de público superior a 2.000 persoas teñen que dispoñer, ademais, do persoal oportuno para a prevención e identificación de emerxencias por aglomeracións e para garantir unha evacuación ordenada ou un confinamento, de ser necesario.

Cando o evento teña unha afluencia de público prevista superior a 5.000 persoas, en espazos delimitados ou non delimitados, será condición indispensable para a súa celebración a constitución dun posto de mando avanzado que garanta o mando único e a coordinación dos servizos públicos e privados de intervención, seguridade e sanitarios, e que teña contacto permanente co Centro Integrado de Atención ás Emerxencias CIAE-112 en caso de emerxencia. Ademais, a persoa titular da actividade deberá comunicar á Axencia Galega de Emerxencias a realización do evento cunha antelación mínima de dez días.

Disposición adicional única. *Formulario do procedemento administrativo PR485A*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado nesta disposición poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia».

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase á persoa titular da consellería con competencia en materia de protección civil a ditar as ordes necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.